

INFORME COMPLEMENTARIO
SOBRE OS VALORES NATURAIS DO ESPAZO
AFECTADO POLA MODIFICACIÓN DE
PLANEAMENTO DE BARALLA NO ÁMBITO DA
CANTEIRA “VALE Nº 319”



Jorge Mouriño Lourido, biólogo
colexiado nº 19234-x do Colexio
Oficial de Biólogos de Galicia

Decembro 2015

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Area de estudo e contextualización bioxeográfica	3
3. Caracterización xeral	5
4. Valores naturais. Hábitats de Interese Comunitario, flora e fauna	10
5. Deficiencias na consideración dos valores naturais do ámbito no expediente de modificación e noutros procedementos relacionados	19
6. Consideracións sobre os valores xeolóxicos do ámbito	21
7. Figuras normativas que avalan a protección do espazo afectado	28
8. Conclusións	31
9. Bibliografía	32
 Anexo. Informe sobre a existencia de morcegos protexidos	 33

1. Introducción

O presente informe redáctase por encomenda da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), en relación coa Modificación das Normas Subsidiarias de planeamento do concello de Baralla aprobada por Orde da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 14 de abril de 2015, incidente no ámbito da explotación mineira “Vale nº 319”.

O 22/03/2015 emitín un informe preliminar sobre este asunto, sendo o obxecto do presente complementar aquel en varios aspectos tratados con menor profundidade nel, á vista do maior coñecemento adquirido desde entón, tanto sobre os valores do espazo afectado como sobre o expediente urbanístico de referencia e outros relacionados.

2. Area de estudo e contextualización bioxeográfica

A área de estudo do presente informe correspóndese co ámbito da citada modificación urbanística, a cal afecta á parcela catastral 27036A11600067, de 4,74 Has., pertencente á parroquia de Vale (concello de Baralla, provincia de Lugo).

Atópase no Monte das Labradas, próxima á estrada autonómica LU-636 -desde a que é visible (foto 1)-, na cabeceira dun pequeno val polo que discorre o rego das Fontes (fotos 2 e 3), tributario indirecto do río Neira (leito enmarcado no extremo NE da bacía hidrográfica do río Miño).

Esténdese maioritariamente por unha ladeira de elevada pendente, na que predomina a orientación a poñente (Oeste-Noroeste), con altitudes entre 705 e 800 m. sobre o nivel do mar.



Foto 1. Vista do ámbito desde a estrada LU-636



Foto 2. Vista xeral do val do rego das Fontes desde o sueste

Desde o punto de vista bioxeográfico, o Monte das Labradas enmárcase na Rexión Eurosiberiana, Provincia Atlántica Europea, no extremo oriental da Subprovincia Cántabro-Atlántica dentro do Sector Galaico-Portugués, Subsector Galaico-Portugués Setentrional, Distrito Lucense, aínda que en inmediata proximidade da Subprovincia Orocantábrica, Sector Laciano-Ancareense (Rivas-Martínez *et al.*, 2002; Rivas-Martínez, 2007). Porén, unha proposta recente e máis detallada de Rodríguez Guitián & Ramil (2008), centrada no territorio galego, adscribe a área deste estudo a un novo sector bioxeográfico que denominan Galaico Interior, Subsector Ourensano-Lucense, mantendo a íntima veciñanza coa Subprovincia Orocantábrica no que denominan Sector Orocantábrico occidental, Subsector Coureliano, e achegando o territorio do Sector Galaico-Asturiano, incluído dentro da Subprovincia Cántabro-Atlántica. **Esta posición de confluencia entre tres sectores bioxeográficas favorece a riqueza faunística e florística da área, con incorporación de plantas e animais de diferente orixe bioxeográfica.**

En relación co piso bioclimático, Rivas-Martínez *et al.* (2002) consideran a área de estudo dentro do piso Suprasubmediterráneo, encadrado na variante bioclimática Temperada Oceánica. O réxime ombrotérmico da área pode variar en función da altitude e da orientación, entre subhúmido e temperado até húmido e fresco, con temperatura media anual entre 10° C e 14°C e precipitación media anual entre 1.000 e 1.400 mm (Martínez Cortizas & Pérez Alberti, 1999). A proposta máis detallada de Rodríguez Guitián & Ramil (2007) para o territorio galego sitúa ao monte das Labradas entre os pisos mesotemperado superior e supratemperado inferior, e entre os ombrotipos húmido inferior a hiperhúmido inferior.



Foto 3. Ladeira afectada pola modificación, á que se refire o presente informe. Pódese apreciar a súa elevada pendente. Polo fondo do val discorre o rego das Fontes (ángulo inferior esquerdo).

3. Caracterización xeral

No espazo afectado pola modificación das Normas Subsidiarias de planeamento de Baralla pódense diferenciar as seguintes zonas:

- **Zona A.** Situada ao norte, a cota superior e con menor cobertura e densidade vexetal que as zonas restantes. Predominan as pendentes acusadas (polo xeral superiores ao 40 %) e os afloramentos calcarios. (Foto 4)

Trátase da parte maioritaria, a cal ocupa aproximadamente un 80 % da superficie do ámbito, onde se centraría a explotación mineira que motivou a modificación.

- **Zona B.** Situada ao sur e a menor cota que a anterior, con pendentes suaves e venceillada ao rego das Fontes.

Nesta zona cabe diferenciar, á súa vez, outras dúas: unha ao leste (B₁, foto 5), caracterizada pola inmediatez ao rego e a presenza de abundante e diversa vexetación natural (bosque de ribeira) e outra ao oeste (B₂, foto 6), definida pola presenza de prados seminaturais.

As zonas anteditas identifícanse na fotografía aérea que se amosa na páxina seguinte (foto 7).



Foto 4. Parte oriental da zona denominada A



Foto 5. Aspecto dun sector da zona nomeada B₁



Foto 6. Imaxe do prado que constitúe a zona B₂



Foto 7. Fotografía aérea da área de estudo con indicación das zonas diferenciadas dentro da mesma

As zonas A e B₁ son as de maior valor ambiental e as que concentran a meirande parte dos hábitats mencionados no informe preliminar emitido en marzo. Tamén son as que se verían máis afectadas pola explotación mineira “VALE n° 319”, que motivou a tramitación da modificación do planeamento do concello de Baralla ¹.

Na súa meirande parte, -concretamente nas zonas A e B₁-, **a área de estudo presenta un estado de elevada naturalidade**, froito da falta de intervención humana ², circunstancia que permite atribuír ao espazo conformado por ambas zonas o cualificativo de **espazo natural**, o que, xunto coas súas características específicas (configuración topográfica –ladeira dunha valgada encaixada en cabeceira de bacía-, dispoñibilidade de auga, presenza de afloramentos e cavidades calcarias-, etc.), o configuran como un **biotopo con alta aptitude para a vida silvestre e un hábitat cunha interesante diversidade de especies de flora e fauna**.

Lindeiro co ámbito da modificación, pola súa parte sur, discorre o camiño tradicional polo que se accede ao mesmo. En varios tramos do seu percorrido, este vial configúrase como congostra encaixada no terreo e aparece franqueado por árbores autóctonas caducifolias de grande porte, o que lle confire un alto valor ambiental e paisaxístico ³.

(1) Os hábitats da zona “A” quedarían destruídos pola explotación mineira, resultando especialmente grave a desaparición das covas naturais existentes, moi raras no contexto xeográfico galego e que ademais constitúen o refuxio de especies ameazadas de morcegos.

A existencia do rego das Fontes e dos hábitats asociados ao mesmo tamén se vería comprometida pola actividade mineira, dadas as características morfolóxicas dos terreos –ladeira de forte pendente que cae cara ao rego- e o método de extracción previsto –mediante detonacións explosivas- que favorecerá a precipitación dos bloques rochosos cara ao rego e ás súas marxes.

O rego das Fontes é unha canle fluvial estacionaria, cun leito ben definido no tramo incluído no ámbito da modificación, levando auga aproximadamente desde mediados do outono ata finais da primavera-. O leito desaparece augas abaixo, seguramente a causa da natureza calcaria do substrato xeolóxico que atravesa o rego, que permitiría que o seu caudal se infiltre ás capas subterráneas.

(2) Segundo se desprende das fotografías aéreas dos últimos 50 anos e da información facilitada por persoas residentes no contorno próximo, as zonas A e B₁ carecen de uso humano desde hai décadas, e anteriormente só a primeira delas tivo un uso residual como lugar de pastoreo de cabras e ovellas.

(3) De acordo co proxecto de explotación “VALE n° 319”, este camiño preténdese empregar como acceso á canteira. En consecuencia, á súa configuración actual veríase drasticamente alterada, co conseguimento menoscabo para os seus valores ambientais e paisaxísticos.



Foto 8. Vista do camiño ao seu paso por un souto próximo ao núcleo de Vale




Foto 9. Vista do camiño nun tramo próximo ao ámbito da modificación



Foto 10. Vista parcial do ámbito da modificación desde a ladeira oposta do val do rego das Fontes. Tras da ringleira de árbores que se ve no fondal do prado atópase o curso do rego das Fontes, -oculto polo arboredo e a orografía do terreo-, a partir do cal ascende a ladeira con afloramentos rochosos calcarios que se amosa na foto, sobre a que se pretende desenvolver a actividade mineira que motivou o expediente de modificación.

4. Valores naturais. Hábitats de interese comunitario. Flora e fauna

No informe preliminar de marzo xa se apuntaran algúns aspectos sinificativos en relación coa **presenza de** comunidades vexetais representativas de varios **Hábitats de Interese Comunitario (Directiva 92/43/CEE)**, **ignorados na súa práctica totalidade no expediente urbanístico de modificación, así como noutras resolucións previas** da Administración ambiental autonómica (Declaración de efectos ambientais e Decisión de exención de avaliación ambiental estratéxica, ás que se fará referencia posteriormente).

As contadas visitas que se puideron efectuar durante o presente ano á área de estudo (unha a mediados de marzo, outra a mediados de maio e unha terceira moi breve a finais de setembro), aínda que non permiten elaborar un inventario exhaustivo da fauna e flora existente no lugar -circunstancia que se atenúa, no que respecta á fauna de vertebrados, debido á información publicada ao respecto da súa distribución en Galicia-, foron suficientes para constatar a **singularidade florística da área de estudo e a presenza de varias especies animais de grande interese.**

4.1. Hábitats de Interese Comunitario

A lexislación europea regula a conservación dos hábitats na Unión Europea a través da denominada Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á Conservación dos Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres. Esta Directiva e posteriores actualizacións foron traspostas en último termo á lexislación española na Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

No artigo 1 da Directiva 92/43/CEE e 3.20 da Lei 42/2007 defínense os Hábitats Naturais como “zonas terrestres ou acuáticas diferenciadas polas súas características xeográficas, abióticas e bióticas, tanto se son enteiramente naturais como seminaturais”. Segundo este mesmo artigo, considéranse Hábitats de Interese Comunitario a aqueles que:

- se encontran ameazados de desaparición na súa área de distribución natural.
- presentan unha área de distribución natural reducida a causa da súa regresión ou debido a súa área intrinsecamente restrinxida.
- constitúen exemplos representativos de características típicas dunha ou de varias das nove rexións bioxeográficas seguintes: alpina, atlántica, boreal, continental, estépica, macaronesia, do Mar Negro, mediterránea e panónica.

Ademais, considéranse **Hábitats Naturais Prioritarios** a aqueles **hábitats naturais ameazados de desaparición** cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Unión Europea, tendo en conta a importancia da proporción da súa área de distribución natural incluída no territorio da Unión Europea.

Na área de estudo identificáronse un mínimo de seis Hábitats de Interese Comunitario (Anónimo, 2013), dos que un deles está considerado como de Interese prioritario.

Denominación do Hábitat de Interese Comunitario	Código
Queirugais secos europeos	4030
Prados secos seminaturais e facies de matogueira sobre substrato calcario	6210
Prados de sega de baixa altitude	6510
Pendientes rochosas calcícolas con vexetación casmofítica	8210
Covas non explotadas polo turismo	8310
Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> *	91E0*

Táboa 1. Hábitats de Interese Comunitario (anexo I Directiva 92/43/CEE) existentes na área de estudo (ámbito da Canteira Vale n°319) . * Interese prioritario

A continuación descríbense as características destes hábitats:

- **Queirugais secos europeos.** Matogueiras que ocupan grande parte da ladeira do Monte das Labradas na zona que denominamos A (fotos 4 e 10). A especie dominante é o toxo europeo, aínda que non faltan varias especies de queirugas, especialmente *Daboecia cantabrica* e *Erica cinerea*, e tamén *Erica umbellata* en zonas de borde que presumiblemente xa non presentan substrato calcario. Outras especies características presentes foron as gramíneas *Agrostis curtisii* e *Pseudoarrhenatherum longifolium*, así como as herbas das doas, tanto a calcícola *Lithodora diffusa* como a silicícola *L. prostrata* en zonas periféricas, **destacando a existencia de moi poucas localidades en Galicia onde ambas especies aparecen simultaneamente.** En zonas máis desenvolvidas encóntanse pés dispersos de roseiras bravas (*Rosa* spp.) e abruñeiro (*Prunus spinosa*). A comunidade vexetal presente correspóndense inicialmente coa asociación *Ulici europaei-Ericetum cinereae* Bellot 1949, matogueiras de queirugas e leguminosas que se desenvolven maioritariamente sobre solos ácidos oligótrofos, cunha área de distribución ampla nos pisos termo e mesotemperado dos sectores bioxeográficos Galaico-portugués e Galaico-asturiano (Rivas-Martínez & Penas, 2003). **Este tipo de matogueira sobre substrato calcario resulta moi raro, escaso e tamén pouco coñecido e estudado, polo que puidera constituír algún subtipo de elevada singularidade.**
- **Prados secos seminaturais e facies de matogueira sobre substrato calcario.** Pasteiros vivaces que se encontraron igualmente dentro da zona denominada A, en concreto nos sectores de solos menos fondos onde aflora a rocha calcaria de forma intercalada,

conformando grandes claros entre as matogueiras de toxo na ladeira do Monte das Labradas obxecto de estudo (fotos 7 e 10).

Aquí prevalecen especies como a gramínea *Brachypodium pinnatum* subsp. *rupestre*, a leguminosa *Anthyllis vulneraria*, *Echium vulgare* e *Sanguisorba minor*, e tamén se atoparon outras especies características como *Acinos alpinus*, *Filipendula vulgaris*, *Helianthemum appeninum* subsp. *Cantabricum* e *Scabiosa columbaria*. Alén diso, como resulta habitual neste hábitat, **detectáronse algunhas orquídeas** (*Orchis mascula*) na única visita primaveral realizada, resultando probable a existencia de maior cantidade e diversidade deste grupo de plantas, tendo en conta a súa caprichosa floración.

Estes pasteiros adscribíense á asociación fitosociolóxica denominada *Helianthemo cantabrici-Brometum erecti* Guitián, Izco & Amigo 1989, de carácter meso-eutrofo e de óptimo montano descritos como endémicos dos sectores bioxeográficos Lacián-Ancarense e Galaico-Asturiano (Giménez de Azcárate & Amigo, 1996), polo que **a súa presenza na localidade, no Sector Galaico-Portugués, presenta unha especial singularidade**. En calquera caso, trátase dun **tipo de hábitat con área de distribución moi restrinxida en Galicia**.

- **Prados de sega de baixa altitude.** A súa existencia xustifica a caracterización da unidade que denominamos B₂ (foto 7). Aínda que a súa adscripción a este tipo de hábitat non debería albergar dúbidas, na área de estudo configúrase nun único prado que non foi prospectado, polo que non se poden ofrecer máis detalles da súa composición florística. A súa existencia está intimamente ligada a usos humanos, desaparecendo rapidamente cando se abandonan os labores de sega ou de pastoreo de gando.
- **Pendientes rochosas calcícolas con vexetación casmofítica.** Este tipo de hábitat encóntrase en mosaico cos pasteiros secos seminaturais xa descritos, tal e como resulta habitual noutros lugares de Galicia, e por tanto sito na zona que denominamos A (foto 10). Nas fendas das rochas calcarias que asoman nestes afloramentos crecen estas plantas denominadas casmofíticas, entre as que en Vale se atoparon os fentos *Ceterach officinarum* e *Asplenium ruta-muraria* nas zonas máis secas e *Asplenium trichomanes* nas zonas máis húmidas, xunto con outras especies características como *Erinus alpinus* ou a crucífera *Biscutella valentina*, de vistosa floración amarela.

Como no caso dos pasteiros seminaturais cos que se intercala, **representa un tipo de hábitat escaso de aparición moi local en Galicia**. A súa adscripción fitosociolóxica non está estudada, aínda que se encadraría na alianza *Saxifragion trifurcato-canaliculatae* Rivas-Martínez *in* Rivas-Mtnez., Izco & Costa 1971, clase *Asplenieta trichomanes*.

Convén destacar que a parte oriental destes afloramentos (ver fotos 3 e 4) **non se descarta que se puidese adscribir ao hábitat Pavimentos calcarios (código 8240), de Interese Prioritario**, xa que pese á súa pequena superficie, presenta unha fisionomía moi semellante á descrita para Galicia no Plan Director da Rede Natura da Dirección Xeral de

Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, con arbustos espiñentos (*Rosa* spp., *Prunus spinosa*, *Crataegus monogyna*) dispersos e a presenza dos citados fentos.

- **Covas non explotadas polo turismo.** Na área de estudo existen un mínimo de tres cavidades que se adscriben a este tipo de hábitat, as cales se describen máis pormenorizadamente no aptdo. 6 do presente informe. Apenas presentan vexetación máis que algúns exemplares de *Asplenium trichomanes* e *Erinus alpinus* nas zonas exteriores, acompañados de hedra (*Hedera hibernica*), en ocasións con elevada cobertura.
- **Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*.** Aparecen nas ribeiras do rego das Fontes, con cobertura maioritaria de freixo europeo (*Fraxinus excelsior*) e aparente ausencia de amieiros e salgueiros. No entanto, entre as árbores é frecuente o pradairo (*Acer pseudoplatanus*) e tamén aparecen bidueiros (*Betula celtiberica*), castiñeiros (*Castanea sativa*), cerdeiras bravas (*Prunus avium*), carballos (*Quercus robur*) e sabugueiros (*Sambucus nigra*). Entre as plantas nemorais destaca a incorporación de especies mesófilas como *Primula acaulis*, *Mercurialis perennis*, *Helleborus foetidus*, *Oxalis acetosella*, *Chrysosplenium oppositifolium* e os fentos *Polystichum setiferum* e *Phyllitis scolopendrium*. **Estes bosques en substrato calcario** concordan perfectamente cos descritos neste tipo de situacións por Rodríguez Guitián *et al.* (2000) como a asociación *Omphalodo nitidae-Coryletum avellanae* subass. *coryletosum avellanae*, e **representan o tipo de bosque con maior riqueza de plantas de Galicia.**

4.2. Flora vascular

Nas visitas realizadas catalogáronse un total de **113 especies de plantas vasculares** (fentos e máis fanerófitos ou plantas con flores), que constan na táboa 2. Porén, o número total existente na área de estudo debe ser ben superior (quizais por riba de 200), toda vez que só se efectuaron prospeccións en dous momentos do ano, nos que numerosas plantas no acadan desenvolvemento preciso para a súa identificación, e ademais non se inspeccionaron os prados de sega, hábitat no que sen dúbida medran taxóns que non existen no resto de hábitats.

Entre as especies detectadas identificouse unha planta catalogada: a silbardeira (*Ruscus aculeatus*), listada no anexo VI da Lei 42/2007. Asimesmo, cabe destacar a **presenza de varios taxóns calcícolas moi escasos no contexto galego**, especialmente *Filipendula vulgaris*, *Phleum bertolonii* e *Helianthemum appeninum*, **o que permite cualificar o espazo como un reduto con especial interese en Galicia no que respecta á flora silvestre.**

Na táboa 2, incluída na páxina seguinte, relaciónanse as especies atopadas (nalgunhas especies que non se puideron identificar individualizadamente indícase o xénero á que pertencen seguido da expresión "sp.").

TAXÓN		TAXÓN		TAXÓN	
Nome científico	Nome galego	Nome científico	Nome galego	Nome científico	Nome galego
<i>Acer pseudoplatanus</i>	Pradairo	<i>Daucus carota</i>	Cenoura brava	<i>Phleum bertolonii</i>	
<i>Acinos alpinus</i>		<i>Dryopteris affinis</i> subsp. <i>affinis</i>	Fento macho	<i>Phyllitis scolopendrium</i>	Cervúa
<i>Agrostis</i> sp.		<i>Echium vulgare</i>	Lingua de boi	<i>Pinus pinaster</i>	Piñeiro do país
<i>Agrostis curtisii</i>	Pelo de lobo	<i>Erica arborea</i>	Uz branca	<i>Plantago lanceolata</i>	Chantaxe
<i>Ajuga reptans</i>	Corocha	<i>Erica cinerea</i>	Queiruga	<i>Polygala vulgaris</i>	
<i>Allium sphaerocephalon</i>	Allo bravo	<i>Erica umbellata</i>	Queiruga	<i>Polystichum setiferum</i>	
<i>Allium ursinum</i>	Allo bravo	<i>Erodium cicutarium</i>		<i>Primula acaulis</i>	Cáncaro
<i>Anagallis arvensis</i>	Herba do garrotillo	<i>Erinus alpinus</i>		<i>Prunella vulgaris</i>	Herba das feridas
<i>Anthyllis vulneraria</i>		<i>Euphorbia dulcis</i>	Leiterena	<i>Prunus avium</i>	Cerdeira brava
<i>Arenaria montana</i>		<i>Filipendula vulgaris</i>		<i>Prunus spinosa</i>	Abruñeiro
<i>Arum italicum</i>	Herba das anadas	<i>Fraxinus excelsior</i>	Freixo	<i>Pseudoarrhenatherum longifolium</i>	
<i>Asplenium ruta-muraria</i>		<i>Fregaria vesca</i>	Moroteira	<i>Pteridium aquilinum</i>	Fento común
<i>Asplenium trichomanes</i>	Fento das boticas	<i>Galium aparine</i>	Chapizo	<i>Pyrus</i> sp.	Pereira brava
<i>Asterolinum linum-stellatum</i>		<i>Galium divaricatum</i>		<i>Quercus robur</i>	Carballo
<i>Athyrium filix-femina</i>	Fento femia	<i>Geranium sanguineum</i>		<i>Ranunculus repens</i>	Herba de ouro
<i>Betula celtiberica</i>	Bidueiro	<i>Geranium robertianum</i>	Herba da esquinancia	<i>Rosa stylosa</i>	Roseira brava
<i>Bellis perennis</i>	Margarida	<i>Geum urbanum</i>	Herba caraveleira	<i>Rosa</i> sp.	Roseira brava
<i>Biscutella valentina</i>		<i>Hedera hibernica</i>	Hedra	<i>Rubus</i> sp.	Silva
<i>Brachypodium sylvaticum</i>		<i>Helleborus foetidus</i>	Herba papeira	<i>Ruscus aculeatus</i>	Silbarbeira
<i>Brachypodium pinnatum</i> subsp. <i>rupestre</i>		<i>Helianthemum appeninum</i> subsp. <i>cantabricum</i>		<i>Sanguisorba minor</i>	Pimpinela menor
<i>Bromus</i> sp.		<i>Hypericum androsaemum</i>	Abelao	<i>Sambucus nigra</i>	Sabugueiro
<i>Cardamine flexuosa</i>		<i>Hypericum perforatum</i>	Herba de S.Xoan	<i>Saxifraga</i> sp.	
<i>Carduus vivariensis</i> subsp. <i>assoii</i>		<i>Ilex aquifolium</i>	Acivo	<i>Scabiosa columbaria</i>	
<i>Carex</i> sp.		<i>Juglans regia</i>	Nogueira	<i>Sedum</i> sp.	Pan de lagartos
<i>Carlina corymbosa</i>	Cardo de cuco	<i>Lamium maculatum</i>	Estruga morta	<i>Silene dioica</i>	
<i>Castanea sativa</i>	Castiñeiro	<i>Leontodon tuberosum</i>		<i>Silene vulgaris</i>	
<i>Cerastium diffusum</i>		<i>Linaria supina</i>	Paxariños amarelos	<i>Solidago virgaurea</i>	Vara de ouro
<i>Ceterach officinarum</i>	Fento de ouro	<i>Linum bienne</i>	Liño bravo	<i>Stellaria holosteus</i>	
<i>Chrysosplenium oppositifolium</i>		<i>Lithodora diffusa</i>	Herba das doas	<i>Tamus communis</i>	Uvas de can
<i>Circaea lutetiana</i>	Herba dos encantos	<i>Lithodora prostrata</i>	Herba das doas	<i>Teucrium scorodonia</i>	Seixebrá
<i>Clematis vitalba</i>	Herba do pobre	<i>Lonicera periclymenum</i>	Chuchamel	<i>Trifolium campestre</i>	Trevo amarelo
<i>Conyza</i> sp.	Coniza	<i>Lotus corniculatus</i>		<i>Ulex europaeus</i> subsp. <i>europaeus</i>	Toxo arnal
<i>Crataegus monogyna</i>	Estripeiro	<i>Mercurialis perennis</i>		<i>Urtica dioica</i>	Estruga
<i>Crepis lamsanoides</i>		<i>Omphalodes nitida</i>		<i>Veronica chamaedrys</i>	
<i>Cytisus scoparius</i>	Xesta	<i>Ononis reclinata</i>		<i>Vicia dasycarpa</i>	Veza
<i>Daboecia cantabrica</i>	Queiruga	<i>Orchis mascula</i>		<i>Viola riviniana</i>	Violeta
<i>Dactylis glomerata</i>	Datilo	<i>Oxalis acetosella</i>		<i>Xolantha guttata</i>	
<i>Daphne laureola</i>	Trovisco macho	<i>Pentaglottis sempervirens</i>	Buglosa		

Táboa 2. Catálogo florístico preliminar (parcial) da flora vascular existente na área de estudo (ámbito da Canteira Vale nº319)

4.3. Fauna

A raíz das visitas efectuadas foi confirmada a presenza na área de estudo dunha especie de anfibio, dúas de réptiles, vinteunha de aves e tres de mamíferos.

Porén, á vista de que apenas se levaron a cabo mostraxes específicas para inventariar estas especies -algunhas de moi complicada detección polos seus hábitos-, sumado ao amplo coñecemento existente da distribución de fauna vertebrada en Galicia e España (Inventario Nacional de Biodiversidade: ver Pleguezuelos *et al.*, 2002; Martí & Del Moral, 2003; Palomo *et al.*, 2007; Del Moral *et al.*, 2012), fai que sexa presumible a presenza regular, permanente ou estacional, dun número cercano a duascenas especies de fauna de vertebrados (13 anfibios, 11 réptiles, 122 aves e até 57 mamíferos), resultado de interpretar a idoneidade dos hábitats existentes na área de estudo en Vale cos requerimentos das especies citadas na correspondente cuadrícula UTM 10x10 km ou proximidades. O listado destas especies, xunto a súa correspondente catalogación legal, móstrase na táboa 3.

Dentro da fauna con presenza potencial na área destacan varias **especies declaradas na categoría Vulnerables nos catálogos español e/ou galego de especies ameazadas**:

- anfibios (4 especies): salamántiga rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), ra patilonga (*Rana iberica*), rela común (*Hyla arborea*) e ra vermella (*Rana temporaria*); as dúas citadas en primeiro lugar constitúen endemismos ibéricos,

- aves (4 especies): gatafornela (*Circus cyaneus*), tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), bufo real (*Bubo bubo*) e rabirrubio de testa branca (*Phoenicurus phoenicurus*).

- mamíferos (12 especies), todos eles da orde Chiroptera, entre os que **se confirmou a presenza dunha especie**, o **Morcego pequeno de ferradura** (*Rhinolophus hipposideros*), como se detalla no Anexo incorporado ao final do presente informe.



Foto 11. Pequeno morcego fotografado durante a visita á Cova Grande Oeste

ESPECIE		1	2	3	4	5
Nome científico		Nome galego				
A N F I B I O S	<i>Chioglossa lusitanica</i> **	Salamántiga rabilonga		II, V	VU	VU
	<i>Salamandra salamandra</i>	Salamántiga común	C		VU ¹	NT
	<i>Lissotriton boscai</i> **	Tritón común			RPE	VU ¹
	<i>Lissotriton helveticus</i>	Tritón palmado			RPE	
	<i>Triturus marmoratus</i>	Tritón marmorado		V	RPE	
	<i>Alytes obstetricans</i>	Sapo parteiro		V	RPE	NT
	<i>Discoglossus galganoi</i> **	Sapo pinto		II, V	RPE	VU ¹
	<i>Bufo bufo</i>	Sapo común				
	<i>Bufo calamita</i>	Sapo corredor		V	RPE	
	<i>Hyla arborea</i>	Rela común		V	RPE	VU
	<i>Rana iberica</i> **	Ra patilonga		V	RPE	VU
	<i>Rana temporaria</i>	Ra vermella		VI	RPE	VU
	<i>Pelophylax perezi</i>	Ra verde		VI		
R É P T I L E S	<i>Chalcides striatus</i>	Escáncer de patas común	C		RPE	
	<i>Iberolacerta monticola</i> **	Lagarto da serra		II, V	RPE	VU ³
	<i>Lacerta schreiberi</i> **	Lagarto das silveiras		II, V	RPE	NT
	<i>Podarcis bocagei</i> **	Lagartíña común	C			
	<i>Timon lepidus</i>	Lagarto arnal			RPE	VU ¹
	<i>Anguis fragilis</i>	Escáncer común			RPE	VU ¹
	<i>Coronella austriaca</i>	Cobra lisa común		V	RPE	
	<i>Coronella girondica</i>	Cobra lisa meridional			RPE	
	<i>Natrix maura</i>	Cobra viperina			RPE	VU ¹
	<i>Natrix natrix</i>	Cobra de collar			RPE	VU ¹
<i>Vipera seoanei</i> **	Víbora común					
A V E S	<i>Alectoris rufa</i>	Perdiz				DD
	<i>Coturnix coturnix</i>	Paspallás				DD
	<i>Phasianus colchicus</i>	Faisán				
	<i>Ardea cinerea</i>	Garza real			RPE	
	<i>Ciconia ciconia</i>	Cegoña branca		IV	RPE	
	<i>Pernis apivorus</i>	Miñato abelleiro	C	IV	RPE	
	<i>Milvus migrans</i>	Millafre negro		IV	RPE	NT
	<i>Gyps fulvus</i>	Voitre		IV	RPE	
	<i>Circaetus gallicus</i>	Aguia cobreira		IV	RPE	

ESPECIE		1	2	3	4	5
Nome científico		Nome galego				
A V E S	<i>Circus cyaneus</i>	Gatafornela		IV	RPE	VU
	<i>Circus pygargus</i>	Tartaraña cincenta		IV	VU	VU
	<i>Accipiter gentilis</i>	Azor			RPE	
	<i>Accipiter nisus</i>	Gabián			RPE	
	<i>Buteo buteo</i>	Miñato	C		RPE	
	<i>Hieraaetus pennatus</i>	Aguia calzada		IV	RPE	
	<i>Falco tinnunculus</i>	Lagarteiro			RPE	
	<i>Falco subbuteo</i>	Falcón pequeno			RPE	NT
	<i>Falco peregrinus</i>	Falcón peregrino		IV	RPE	VU
	<i>Scolopax rusticola</i>	Arcea				VU ⁴
	<i>Columba oenas</i>	Pombo pequeno				DD
	<i>Columba palumbus</i>	Pombo torcaz	C			
	<i>Streptopelia decaocto</i>	Rula turca				
	<i>Streptopelia turtur</i>	Rula				VU
	<i>Cuculus canorus</i>	Cuco	C		RPE	
	<i>Tyto alba</i>	Curuxa			RPE	
	<i>Otus scops</i>	Moucho de orelas			RPE	
	<i>Bubo bubo</i>	Bufo real		IV	RPE	VU
	<i>Athene noctua</i>	Moucho			RPE	
	<i>Strix aluco</i>	Avelaiona			RPE	
	<i>Asio otus</i>	Bufo pequeno			RPE	
	<i>Asio flammeus</i>	Curuxa das xunqueiras		IV	RPE	NT
	<i>Caprimulgus europaeus</i>	Avenoiteira cincenta		IV	RPE	
	<i>Apus apus</i>	Cirrio			RPE	
	<i>Upupa epops</i>	Bubela			RPE	
	<i>Jynx torquilla</i>	Peto formigueiro			RPE	DD
	<i>Picus viridis</i>	Peto verde			RPE	
	<i>Dendrocopos major</i>	Peto real	C		RPE	
	<i>Lullula arborea</i>	Cotovía pequena		IV	RPE	
	<i>Alauda arvensis</i>	Laverca				
	<i>Riparia riparia</i>	Andoriña das barreiras			RPE	
	<i>Ptyonoprogne rupestris</i>	Andoriña dos penedos			RPE	
	<i>Hirundo rustica</i>	Andoriña			RPE	

ESPECIE		1	2	3	4	5
Nome científico		Nome galego				
A V E S	<i>Delichon urbicum</i>	Andoriña de cu branco			RPE	
	<i>Anthus campestris</i>	Pica campestre		IV	RPE	
	<i>Anthus trivialis</i>	Pica das árbores			RPE	
	<i>Anthus pratensis</i>	Pica dos prados			RPE	
	<i>Anthus spinoletta</i>	Pica alpina			RPE	
	<i>Motacilla cinerea</i>	Lavandeira real			RPE	
	<i>Motacilla alba</i>	Lavandeira branca			RPE	
	<i>Troglodytes troglodytes</i>	Carriza	C		RPE	
	<i>Prunella modularis</i>	Azulenta	C		RPE	
	<i>Erithacus rubecula</i>	Paporrubio	C		RPE	
	<i>Luscinia megarhynchos</i>	Rousinol			RPE	
	<i>Phoenicurus ochruros</i>	Rabirrubio			RPE	
	<i>Phoenicurus phoenicurus</i>	Rabirrubio de testa branca			VU	VU
	<i>Saxicola rubetra</i>	Chasco norteño			RPE	
	<i>Saxicola rubicola</i>	Chasco	C		RPE	
	<i>Oenanthe oenanthe</i>	Pedreiro cincento			RPE	
	<i>Monticola saxatilis</i>	Merlo rubio			RPE	
	<i>Turdus merula</i>	Merlo	C			
	<i>Turdus pilaris</i>	Tordo real				
	<i>Turdus philomelos</i>	Tordo común	C			
	<i>Turdus iliacus</i>	Tordo rubio				
	<i>Turdus viscivorus</i>	Tordo charlo				
	<i>Cettia cetti</i>	Rousinol bravo			RPE	
	<i>Hippolais polyglotta</i>	Folosa amarela			RPE	
	<i>Sylvia undata</i>	Papuxa do mato	C	IV	RPE	
	<i>Sylvia communis</i>	Papuxa común			RPE	
	<i>Sylvia borin</i>	Papuxa picafollas			RPE	
<i>Sylvia atricapilla</i>	Papuxa das amoras	C		RPE		
<i>Phylloscopus bonelli</i>	Picafollas de Bonelli			RPE		
<i>Phylloscopus collybita</i>	Picafollas europeo			RPE		
<i>Phylloscopus ibericus</i>	Picafollas ibérico	C		RPE		
<i>Phylloscopus trochilus</i>	Picafollas musical			RPE		
<i>Regulus regulus</i>	Estreliña do Norte			RPE		

Táboa 3. Fauna vertebrada de presenza potencial na área de estudo (ámbito da Canteira Vale nº 319) (***) especie exótica

Columna 1: estatus das especies: P = presenza probable; C = presenza confirmada.

Columna 2: especies dos seguintes anexos da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade: II = especies de interese comunitario para as que é necesario designar zonas especiais de conservación (* especies prioritarias); IV = especies que deben ser obxecto de medidas de conservación especiais do seu hábitat, a fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución; V = especies de interese comunitario que requiren unha protección estrita; VI = especies de interese comunitario cuxa recollida na natureza e explotación poden ser obxecto de medidas de xestión.

Columna 3: especies listadas no Real Decreto 139/2011: RPE = incluída na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial; PE = en perigo de extinción (Catálogo Español de Especies Ameazadas); VU = vulnerable (Catálogo Español de Especies Ameazadas).

Columna 4: categoría de ameaza das especies de acordo co Decreto 88/2007 regulador do Catálogo Galego de especies ameazadas: PE = en Perigo de Extinción; VU = Vulnerable (¹ Poboacións insulares; ² Poboacións insulares e provincia da Coruña; ³ Poboacións das provincias da Coruña e Ourense; ⁴ poboación nidificante).

Columna 5: categoría de ameaza segundo os Libros Vermellos, dos Anfibios e Réptiles de España (Pleguezuelos *et al.*, 2002); das aves de España (Madróno *et al.*, 2004); dos mamíferos terrestres de España (Palomo *et al.*, 2007): CR = en Perigo Crítico; EN = en Perigo; VU = vulnerable; NT = Case Ameazada; DD = Datos Insuficientes. * para as subespecies nidificantes en Iberia de *Emberiza schoeniclus* a categoría é EN.

En todos os casos, as categorías e catalogacións refírense ás poboacións ou marco xeográfico da área de estudo, salvo especificado.

ESPECIE		1	2	3	4	5
Nome científico	Nome galego					
A	<i>Regulus ignicapilla</i>			RPE		
	<i>Muscicapa striata</i>			RPE		
	<i>Ficedula hypoleuca</i>			RPE		
	<i>Aegithalos caudatus</i>	C		RPE		
	<i>Lophophanes cristatus</i>			RPE		
	<i>Periparus ater</i>			RPE		
	<i>Cyanistes caeruleus</i>			RPE		
	<i>Parus major</i>	C		RPE		
	<i>Sitta europaea</i>			RPE		
	<i>Certhia brachydactyla</i>			RPE		
	<i>Oriolus oriolus</i>			RPE		
	<i>Lanius collurio</i>		IV	RPE		
	<i>Lanius meridionalis</i>			RPE		NT
	<i>Garrulus glandarius</i>	C				
V	<i>Pica pica</i>					
	<i>Pyrrhonorax pyrrhonorax</i>	C	IV	RPE		NT
	<i>Corvus monedula</i>					
E	<i>Corvus corone</i>	C				
	<i>Corvus corax</i>					
	<i>Sturnus vulgaris</i>					
	<i>Sturnus unicolor</i>					
S	<i>Passer domesticus</i>					
	<i>Passer montanus</i>					
	<i>Fringilla coelebs</i>					
	<i>Fringilla montifringilla</i>			RPE		
	<i>Serinus serinus</i>	C				
	<i>Chloris chloris</i>					
	<i>Carduelis carduelis</i>					
	<i>Carduelis spinus</i>			RPE		
	<i>Carduelis cannabina</i>					
	<i>Loxia curvirostra</i>			RPE		
	<i>Pyrrhula pyrrhula</i>			RPE		

ESPECIE		1	2	3	4	5
Nome científico	Nome galego					
A	<i>Emberiza citrinella</i>			RPE		
V	<i>Emberiza cirulus</i>			RPE		
E	<i>Emberiza cia</i>	C		RPE		
S	<i>Emberiza hortulana</i>		IV	RPE		
	<i>Emberiza calandra</i>					
	<i>Erinaceus europaeus</i>					
	<i>Talpa occidentalis**</i>					
M	<i>Sorex minutus</i>					
	<i>Sorex coronatus</i>					
	<i>Sorex granarius**</i>					DD
A	<i>Neomys fodiens</i>					
	<i>Neomys anomalus</i>					
M	<i>Crocicidura suaveolens</i>					DD
	<i>Crocicidura russula</i>					
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>		II, V	VU	VU	NT
Í	<i>Rhinolophus hipposideros</i>	C	II, V	RPE	VU	NT
	<i>Rhinolophus euryale</i>		II, V	VU	VU	VU
	<i>Myotis myotis</i>		II, V	VU	VU	VU
F	<i>Myotis blythii</i>		II, V	VU	VU	VU
	<i>Myotis emarginatus</i>		II, V	VU	VU	VU
	<i>Myotis bechsteinii</i>		II, V	VU	VU	VU
E	<i>Myotis mystacinus</i>		V	RPE	VU	NT
	<i>Myotis alcaethoe</i>		V	RPE	VU	NT
	<i>Myotis cf. Nattereri (Myotis spA)</i>		V	RPE		NT
R	<i>Myotis escaleraei</i>		V	RPE		NT
	<i>Myotis daubentonii</i>		V	RPE		
O	<i>Pipistrellus pipistrellus</i>		V	RPE		
	<i>Pipistrellus pygmaeus</i>		-	RPE		
	<i>Hypsugo savii</i>		V	RPE		NT
	<i>Nyctalus leisleri</i>		V	RPE		NT
S	<i>Nycatalus noctula</i>		V	VU	VU	VU
	<i>Nyctalus lasiopterus</i>		V	VU	VU	VU

ESPECIE		1	2	3	4	5
Nome científico	Nome galego					
M	<i>Eptesicus serotinus</i>		V	RPE		
	<i>Barbastella barbastellus</i>		II, V	RPE		NT
	<i>Plecotus auritus</i>		V	RPE		NT
	<i>Plecotus austriacus</i>		V	RPE		NT
	<i>Miniopterus schreibersii</i>		II, V	VU	VU	VU
	<i>Tadarida teniotis</i>		V	RPE		NT
A	<i>Canis lupus</i>		VI			NT
	<i>Vulpes vulpes</i>					
	<i>Mustela erminea</i>			RPE		DD
M	<i>Mustela nivalis</i>					
	<i>Mustela putorius</i>		VI			NT
	<i>Neovison vison***</i>					
Í	<i>Martes martes</i>		VI			
	<i>Martes foina</i>					
	<i>Meles meles</i>					
F	<i>Genetta genetta</i>		VI			
	<i>Felis silvestris</i>		V	RPE		NT
	<i>Sus scrofa</i>	C				
	<i>Capreolus capreolus</i>					
E	<i>Sciurus vulgaris</i>					
	<i>Elyomis quercinus</i>	C				
	<i>Arvicola sapidus</i>					VU
R	<i>Microtus lusitanicus**</i>					
	<i>Microtus agrestis</i>					
	<i>Apodemus sylvaticus</i>					
O	<i>Rattus rattus</i>					
	<i>Rattus norvegicus</i>					
	<i>Mus musculus</i>					
	<i>Lepus granatensis**</i>					
S	<i>Oryctolagus cuniculus</i>					VU

Táboa 3 (Continuación). Fauna vertebrada de presenza potencial na área de estudo (ámbito da Canteira Vale nº 319) (***) especie exótica

Columna 1: estatus das especies: P = presenza probable; C = presenza confirmada.

Columna 2: especies dos seguintes anexos da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade: II = especies de interese comunitario para as que é necesario designar zonas especiais de conservación (* especies prioritarias); IV = especies que deben ser obxecto de medidas de conservación especiais do seu hábitat, a fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución; V = especies de interese comunitario que requiren unha protección estrita; VI = especies de interese comunitario cuxa recollida na natureza e explotación poden ser obxecto de medidas de xestión.

Columna 3: especies listadas no Real Decreto 139/2011: RPE = incluída na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial; PE = en perigo de extinción (Catálogo Español de Especies Ameazadas); VU = vulnerable (Catálogo Español de Especies Ameazadas).

Columna 4: categoría de ameaza das especies de acordo co Decreto 88/2007 regulador do Catálogo Galego de especies ameazadas: PE = en Perigo de Extinción; VU = Vulnerable (1 Poboacións insulares; 2 Poboacións insulares e provincia da Coruña; 3 Poboacións das provincias da Coruña e Ourense; 4 poboación nidificante).

Columna 5: categoría de ameaza segundo os Libros Vermellos, dos Anfibios e Réptiles de España (Pleguezuelos *et al.*, 2002); das aves de España (Madroño *et al.*, 2004); dos mamíferos terrestres de España (Palomo *et al.*, 2007): CR = en Perigo Crítico; EN = en Perigo; VU = vulnerable; NT = Case Ameazada; DD = Datos Insuficientes. * para as subespecies nidificantes en Iberia de *Emberiza schoeniclus* a categoría é EN.

En todos os casos, as categorías e catalogacións refírense ás poboacións ou marco xeográfico da área de estudo, salvo especificado.

De acordo co Decreto 88/2007, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies ameazadas, a inclusión neste catálogo na categoría de Vulnerables –o que afecta ás vinte especies citadas ao final da páx. 15 do presente informe-, implica a obriga de respectar determinadas limitacións, entre as que se atopa a **prohibición de actuacións non autorizadas nos seus niños, tobeiras ou áreas de reprodución, invernada, muda, paso, repouso e alimentación das especies catalogadas**, e a **prohibición de destrución do seu hábitat** (art. 10º.1.b) do indicado decreto), así como a obriga para á Xunta de Galicia de elaborar **plans que garantan a conservación das especies vulnerables e dos seus hábitats** e establezan as medidas adecuadas para preservar, manter e restablecer as poboacións naturais facéndoas viables (arts. 4º.1 e 15º, puntos 1.b) e 2 do decreto).

Das restantes especies da táboa 3, máis de cen inclúense na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (Anexo do R.D. 139/2011). Delas confirmouse a presenza de 16 na área de estudo (1 réptil –o escáncer de patas común- e 15 aves). De acordo co art. 57.1.b) da Lei estatal 42/2007, <<*A inclusión na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial dunha especie, subespecie ou poboación comporta as seguintes prohibicións xenéricas:...b) Tratándose de animais, incluídas as súas larvas, crías ou ovos, a de calquera actuación feita co propósito de darlles morte, capturalos, perseguilos ou molestalos, así como a destrución ou deterioración dos seus niños, tobos e lugares de reprodución, invernada ou repouso....*>>.

Do conxunto de especies con presenza probable na área, **trece inclúense no anexo II da Lei 42/2007**, -especies de interese comunitario para as que é necesario designar zonas especiais de conservación-, caso do *Rhinolophus hipposideros* xa nomeado, e outras **dezaoito no Anexo IV da mesma Lei**, -especies que deben ser obxecto de **medidas de conservación especiais en canto ao seu hábitat, co fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución**-, entre as que se confirmou a presenza do **miñato abelleiro** (*Pernis apivorus*), **papuxa do mato** (*Sylvia undata*) e **choia** (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*), esta última con delicado estatus en Galicia e que **podería nidificar ou ter nidificado nalgunha das covas da área**, de acordo coas testemuñas recollidas a veciños de Vale e restos de niños atopados nelas.

Tamén cabe destacar que, da fauna confirmada ou potencial da área, **trinta e catro especies se atopan encadradas no anexo V da Lei 42/2007** (⇔ **anexo IV da Directiva 93/42/CEE**), correspondente a **especies de interese comunitario que requiren unha protección estrita** -entre as que se atopan tamén os morcegos detectados na área de estudo-, o que, entroutras limitacións, implica a **prohibición de deterioro ou destrución dos lugares de reprodución ou das zonas de descanso**, consonte ao art. 12.2 da Directiva comunitaria 93/42 CEE.

5. Deficiencias observadas na consideración dos valores naturais do ámbito no expediente de modificación e noutros procedementos relacionados

A) A única información sobre flora e fauna que consta no expediente de modificación é a recollida no informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia emitido o 9 de xuño de 2014, o cal inclúe un inventario de fauna e flora potenciais do ámbito.

Este inventario elaborouse a partir de sistemas de información sen contrastar sobre o terreo, recollendo exclusivamente especies incluídas nos anexos IV e V da Lei estatal 42/2007, así como no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), omitindo especies merecentes de protección como as incluídas no Real Decreto 139/2011, -tanto as da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial como as do Catálogo Español de Especies ameazadas-, ou outras especies ameazadas recollidas nos libros vermellos.

Máis que as deficiencias do inventario, sorprende a conclusión do informe –favorable á aprobación da modificación-, por canto o mesmo reconece que a modificación afecta a varios hábitats de interese comunitario (aínda que o informe omite a meirande parte dos hábitats presentes e identifica erradamente algún), e ademais con presenza potencial de especies de flora e fauna ameazadas, o que resulta contradictorio coa lexislación de conservación da biodiversidade (Lei 42/2007 e normas que a desenvolven) consonte á cal non só **se debe protexer ditas especies senón os hábitats que as acollen.**

B) Aínda máis groseiras e inaceptables -desde un punto de vista técnico e profesional- resultan as deficiencias de información ambiental que se poden advertir noutros procedementos previos relacionados coa modificación:

- **Na decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do 5 de abril de 2010** –resolución pola que se eximiu á modificación de sometemento a avaliación ambiental estratéxica-, non se considerou ningunha información ambiental adicional á que servira de base á Declaración de Efectos Ambientais (DEA) emitida en 2005 sobre o proxecto mineiro “Vale n° 319” (proxecto que motivou a posterior tramitación da modificación urbanística), agás unha mínima **información sobre hábitats afectados que, debido ao seu carácter incompleto e erróneo** ⁴, non tivo a transcendencia que debera. Neste sentido, só a ignorancia de hábitats valiosos para determinadas especies -como as covas naturais existentes nos terreos afectados-, ou da propia existencia de especies protexidas na zona

(4) Na comentada Decisión só se identifica correctamente o hábitat *4030 Matogueiras secas europeas de toxos e queirugas*, ignorándose a existencia de non menos de cinco hábitats de interese comunitarios presentes na área de estudo (ver aptdo. 4.1 do presente informe).

permiten entender, que non xustifican, a Decisión de relevar á modificación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica que cumpriría tramitar ⁵.

- En canto á DEA emitida o 20 de xuño de 2005 sobre o proxecto mineiro “VALE n° 319”, ademais das irregularidades que puideran existir na súa tramitación ⁶, a documentación ambiental aportada pola empresa mineira presenta deficiencias clamorosas:

- Contén un inventario ambiental manifestamente deficiente, no que **non se identifican os hábitats afectados** -varios deles de interese comunitario-, **carece de inventario botánico propiamente dito** (nos aptdos. 4.6 e 4.8 da documentación presentada ante a administración de minas en agosto de 2000 só se citan de forma indefinida tres especies arbóreas e dúas arbustivas, as cales representan menos do 5 % das identificadas nas dúas visitas realizadas para a emisión do presente informe), **e incorpora un inventario de fauna moi incompleto** (aptdo. 5 do anexo presentado na Administración de minas en abril 2003), no cal omite toda referencia a anfibios, mamíferos e aves que residen, nidifican ou se alimentan no ámbito, **algúns de alto valor de conservación como todo o grupo dos morcegos, a choia, o miñado abelleiro**, etc. A partir deste inventario incompleto, no aptdo. 5.1.4 da documentación presentada na Administración de minas en agosto de 2000 **négase a existencia de especies animais ou vexetais protexidas**, afirmación que se rectifica parcialmente na presentada en 2003 no que atinxe á fauna, máis sen ningunha consecuencia práctica, sen que se **identifiquen nin avalíen en dita**

(5) A decisión aparece claramente “lastrada” pola existencia da DEA previa do proxecto da **explotación mineira**, en cuxa tramitación non se tivo en conta a **incompatibilidade desta actividade co réxime de especial protección previsto no planeamento urbanístico** aplicable por entón, circunstancia que se pretendeu remediar “a posteriori” modificando aquel (facendo un novo planeamento deseñado especificamente para facer viable a explotación mineira), máis sen someter a modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

(6) Chama a atención que se tramitara a avaliación de efectos e non de impacto ambiental no caso da canteira “Vale”, tratándose dunha explotación mineira a ceo aberto na que se daban as seguintes circunstancias:

- a) incidencia nun espazo protexido polo planeamento municipal por mor dos seus valores naturais, menoscabándoos de xeito manifesto.
- b) visibilidade dende a estrada autonómica LU-636 (Sarria-Becerreá), discorrente a aproximadamente 0,5 Km. do ámbito afectado pola canteira.
- c) emprazamento a menos de 5 Km. doutras explotacións mineiras a ceo aberto xa existentes, como son eran as identificadas como “*Sigirei LU/A/89*”, “*Monte Penedo LU/A/00139*”, “*Quintá LU/A/00164*”, “*Pol LU/A/00316*”, “*Estefanía LU/A/00317*” (a situación de todas estas explotacións pódese consultar no Censo catastral mineiro de Galicia (<http://www.censomineiro.org/>)).

A circunstancia citada na letra a) anterior atopábase expresamente recollida no anexo do decreto autonómico 442/1990, así como no anexo 2 do R.D. 1131/1988, anexo I do Real Decreto-Lei 9/2000 (Grupo.2.a).6ª) e anexo I da Lei estatal 6/2001 (Grupo.2.a).6ª), mentres que as indicadas nas letras b) e c) recollíanse tamén nos anexos das disposicións estatais anteditas (Grupo 2.a).5ª e Grupo 2.a).9ª no anexo I do R. decreto-Lei 9/2000 e no anexo I da Lei 6/2001).

Asimesmo, cabería apuntar a falta de validez da DEA, xa que, ademais do tempo transcorrido dende a autorización da explotación (29 de xaneiro de 2007; a explotación tiña un prazo de vixencia que rematou o 17/01/2014), existen elementos esenciais non tidos en conta na emisión daquela, como é a aparición de hábitats de interese existentes dentro do ámbito afectado –covas naturais, etc.–, o que faría pertinente unha nova avaliación ambiental do proxecto mineiro no caso de que prosperara a aprobación da modificación.

documentación as repercusións que a actividade mineira tería sobre as mesmas –como, por exemplo, a desaparición daquelas especies cuxa presenza na zona depende do mantemento das covas existentes, como *Rhinolophus hipposideros* ou *Pyrrhocorax Pyrrhocorax*-, **nin incorpora medida correctora ningunha tendente a evitar ou corrixir ditos efectos.**

- A documentación ambiental aportada para a obtención da DEA tampouco describe **outros elementos de valor natural ou ambiental**, como as **covas** existentes na ladeira rochosa afectada ou o **rego** que discorre ao pé da mesma –rego que nin sequera aparece cartografado nos planos de detalle do proxecto mineiro-, ou outros como o **camiño** existente que se pretende utilizar como acceso á canteira, elementos que desaparecerían –caso das covas e, case con total seguridade, o propio rego- ou drasticamente alterados –caso do camiño- como consecuencia da explotación mineira (ver comentarios e fotografías ao final do aptdo. 3 do presente informe), e respecto dos cales tampouco se analizan os impactos derivados da explotación nin se propoñen medidas correctoras.

6. Consideracións sobre os valores xeolóxicos do ámbito

No informe preliminar de marzo do presente ano xa se resaltara a singularidade xeolóxica do **ámbito** afectado pola modificación, xa que os asomos ou **afloramentos de rocha calcaria** son **moi escasos en Galicia, e aínda máis no val do río Miño, no que se encadra o mesmo.**

Ditos afloramentos corresponden á formación “calcaria de Vegadeo”, unidade estratigráfica correspondente á Zona Astur-Occidental Leonesa (ZAOL) de idade Cámbrico inferior (541-520 millóns de anos). **Trátase duns dos materiais sedimentarios máis antigos da zona oriental de Galicia.**

En Baralla afloran varias bandas desa formación calcaria con dirección xeral N-SE. Estas rochas carbonatadas depositáronse orixinalmente nunha plataforma litoral pouco profunda, e hoxe aparecen intensamente dolomitizadas e metamorfizadas, evidenciando numerosos procesos de erosión kárstica, tanto superficial como subterránea.

A esta singularidade xeolóxica engádese a existencia de varias covas naturais (Hábitat de Interese Comunitario 8310). Nas visitas realizadas ao ámbito da modificación detectáronse cinco entradas a cavidades subterráneas –aparecen situadas na foto 12-, catro delas confirmadas e unha probable -a que parece agocharse tras a entrada D, foto 13-, podendo existir un número superior, xa que só se puido realizar unha exploración parcial do ámbito - en aproximadamente unha quinta parte da superficie afectada-, a causa da presenza dunha espesa e enmarañada matogueira de toxos, que impediu o percorrido pola maior parte dela.



Foto 12. Fotografía da área de estudo con indicación da situación das entradas ás covas atopadas dentro da mesma

Das entradas atopadas, catro se encontran na ladeira rochosa que pretende explotar a canteira. Estas entradas dan acceso ás covas ou galerías subterráneas cuxas fotografías se inxiren nas seguintes páxinas do presente informe, mentres que a quinta –designada coa



Foto 13. Fotografía da Entrada D

letra D na foto 12- sitúase ao pé do rego que discorre pola parte baixa do ámbito e se encontra obturada por depósitos de terras (foto 13), que impediron que se puidese penetrar na galería á que semella dar acceso.

En total visitáronse tres covas, dúas delas na parte oeste da parcela e moi próximas entre si, identificadas no presente informe como “*Cova grande oeste*” -con dúas entradas, A e B- e “*Cova pequena oeste*” -entrada C-, e outra na parte leste, coñecida por veciños da zona como “*Cova das Choias*”, á que se accede pola entrada E e que presenta maior lonxitude que as anteriores.

Como podemos observar nas fotografías das páxinas seguintes, nas citadas cavidades calcarias atopamos unha grande variedade de formas kársticas subterráneas (espeleotemas), orixinadas pola precipitación do carbonato cálcico en forma de calcita ou aragonito. Así, son moi frecuentes as coladas e placas tipo órgano, columnas, cornixas e estalactitas en múltiples variedades (bulbosas, botrioidales, excéntricas, etc).

O interese destas formacións, alén da súa rareza a nivel galego, é que **son rexistros paleoclimáticos moi exactos**: a súa composición e estrutura **reflicte os cambios ambientais do pasado, tanto climáticos como meteorolóxicos**, que poden ser datados con alta precisión en combinación por métodos relativos (varvas lacustres, palinoloxía), e absolutos (Carbono 14, Th/U) acadando resolucións anuais en períodos de varios milleiros de anos.

COVA GRANDE OESTE



Entrada A



Entrada B




Riscos ou gravados nunha das paredes da entrada B



Estalactitas que penduran á entrada a unha dos cuartos interiores



Detalle de pequenas estalactitas arracimadas



Vista xeral da galería principal, coas impresionantes formacións existentes nas súas paredes

COVA PEQUENA OESTE



Entrada C



Formación baixo a entrada, formando bulbos superpostos



Impresionante formación ao fondo da cova, semellando unha "cascada" petrificada



Detalle de varios bulbos que penden na "cascada"




Outro tipo de formacións calcarias nunha parede da cova



Esqueleto dun animal (aparentemente bóvido) no solo da cova

COVA LESTE ("COVA DAS CHOIAS")



Entrada E á Cova das Choias



Vista da entrada dende o interior




Acceso á unha galería secundaria da cova



Galería principal da cova



Outra vista da galería principal máis ao interior



Diferentes detalles dos paramentos interiores da cova, nos que se pode apreciar a multiplicidade de formas e texturas a que dan lugar os procesos de disolución da pedra calcaria

Ademais dos valores xeocientíficos que presentan estas formacións naturais, deben ser investigados os posibles restos de presenza de animais e homínidos prehistóricos nestas covas, xa detectados noutras covas da contorna⁷. Ao respecto, por conversas con veciños de Vale, tense noticias de posibles manifestacións artísticas humanas prehistóricas nunha cova que estaría situada dentro da área de estudo.



Enxame de riscos próximos á entrada A da *Cova Grande Oeste*



Riscos á entrada B da *Cova Grande Oeste*



Restos óseos no chan da *Cova Pequena Oeste*

(7) No lugar de Valdavara (concello de Becerreá), a tan só 8 Km. da área de estudo, descubríronse restos paleontolóxicos e arqueolóxicos de grande valor noutra cova calcaria parcialmente destruída pola mesma empresa mineira que promove a canteira Vale nº 319. Información en:

http://www.lavozdegalicia.es/lugo/2010/06/23/0003_8567484.htm

<http://www.agenciasinc.es/Noticias/Encuentran-el-fosil-humano-mas-antiguo-de-Galicia-en-la-Cueva-de-Valdavara>

http://www.becerreia.net/portal/valdavara_una_herencia_prehistorica

Asimesmo, na cova calcaria de Eirós, próxima ao lugar de Cancelo (concello de Triacastela) e situada a algo menos de 9 Km. ao sur do ámbito afectado, se teñen rexistrado valiosos achados de restos paleontolóxicos e manifestacións de arte rupestre nas últimas décadas. Máis información en:

http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2015_09/noticia_0061.html

http://elpais.com/diario/2008/10/03/galicia/1223029105_850215.html

http://ccaa.elpais.com/ccaa/2013/09/03/galicia/1378222650_333952.html

A pouco máis de 20 Km. ao sur do espazo afectado pola canteira Vale nº 319, cerca de Buxán (concello de O Incio) noutra canteira da caliza atopouse un fósil de mamut. Máis información en:

<http://cuedelapileta.blogspot.com.es/2013/11/en-la-tumba-olvidada-del-unico-mamut-de.html>

http://www.lavozdegalicia.es/noticia/lemos/2013/11/14/tumba-olvidada-unico-mamut-galicia/0003_201311M14C5991.htm

7. Figuras normativas que avalan a protección do espazo afectado

Como indica o informe da D. X. de Conservación da Natureza emitido verbo da modificación, o espazo afectado non goza de protección nos instrumentos previstos na lexislación autonómica en materia de conservación da natureza. Mais esta circunstancia, que coubera explicar pola curta vida de dita lexislación (menos de quince anos), non permite obviar outras figuras ou normas que avalan a súa especial protección:

A) En primeiro lugar, débese ter en conta a inclusión do ámbito afectado dentro da **Reserva da Biosfera Terras do Miño**, declarada pola UNESCO en 2002.

As reservas da biosfera- están recollidas na lexislación española vixente en materia de patrimonio natural e biodiversidade. De acordo co art. 9 en relación co 50 e 51 da Lei 42/2007 **intégranse dentro do Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade**, como **áreas protexidas por instrumentos internacionais**, séndolles aplicable o disposto nos arts. 68 a 70 da devandita lei, en canto aos seus obxectivos, xestión e planificación.



Sinalización existente a pouco máis de 600 metros do ámbito da modificación

Un dos obxectivos principais das Reservas da Biosfera é a **conservación da diversidade biolóxica natural e cultural**. Pola súa banda, o Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera establece como **primeira función destas reservas a de conservación da paisaxe, ecosistemas, especies e diversidade xenética, é dicir, a conservación do patrimonio e da biodiversidade**.

A candidatura de Terras do Miño como Reserva da Biosfera foi valorada e aceptada pola Unesco en base a un documento técnico elaborado polo Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (**IBADER**) da Universidade de Santiago de Compostela ⁸. Consonte ao **documento base da candidatura**, no que se delimita o espazo desta reserva e se diferencian tres tipos de zonas de maior a menor valor ecolóxico –“zonas núcleo”, “zonas tampón” e “zonas de transición”-, **o ámbito da modificación forma parte**

(8) Accesible en http://www.ibader.org/ARCHIVOS/docs/Candidatura_Terras_Mino_MAB02.pdf

dunha “Zona tampón”⁹ (plano nº 2 e aptdo. 4.5), tipo de zona previsto para amortecer os posibles impactos ás zonas núcleo, e **onde as actividades autorizables quedan limitadas a aquelas compatibles cos obxectivos de conservación.**

Nas zonas tampón o documento base da candidatura incluíu expresamente os <<rebordes montañosos que forman na súa case totalidade a cunca alta do río Miño. Coa súa declaración como zona tampón **protexeranse as cabeceiras dos arroios que dan orixe a multitude de ríos e regatos que drenan este territorio**>> (aptdo. 4.5.b), páx. 9). O ámbito da modificación e da canteira prevista atópase, precisamente, na cabeceira dun destes regos –o coñecido como rego das Fontes- e lindeiro con el.

De acordo co art. 70 da lei 42/2007 **estas zonas** –denominadas “zonas de protección das zonas núcleo” na dita lei- **deben contar**, como as zonas núcleo, **cun instrumento de planeamento, uso e xestión**, o cal pode ser específico para elas ou integrado co das zonas núcleo.

Malia a que se se está a tramitar un **Plan de Acción** da Reserva ¹⁰ -aprobado inicialmente en 2013-, transcorridos máis de trece anos dende a data de declaración da Reserva da Biosfera Terras do Miño, as súas zonas núcleo e zonas tampón –nas que se inclúe **a área de estudo-seguen sen contar co correspondente instrumento de planeamento previsto na lexislación reguladora do patrimonio natural, cos efectos negativos que isto comporta.**

Este Plan de Acción, aínda non aprobado definitivamente, contempla entre as súas liñas de actuación, as de conservación do patrimonio natural (dos hábitats naturais e seminaturais; das especies de interese, etc.) e dos recursos patrimoniais, e **propón medidas** como a creación de novos espazos naturais protexidos que contribúan á conservación dos ecosistemas da Reserva, ou a identificación e **restauración dos hábitats naturais afectados por procesos de degradación** (actividades extractivas, procesos erosivos, etc.).

Ao respecto do uso mineiro que pretende viabilizar a modificación urbanística, **o documento base da candidatura de Terras do Miño como reserva da biosfera considera as explotacións mineiras a ceo aberto como unhas das actividades con efectos máis negativos ou perturbadoras para a conservación da Reserva** (aptdo. 16.4, páxs. 157, 158): <<Estas explotacións conlevan un impacto socioeconómico negativo por destrución de áreas de pastoreo e molestias ao gando en réxime extensivo, existindo poucas compensacións para os propietarios. O impacto paisaxístico ven provocado pola creación de discontinuidades, irregularidades de forma xeométrica e a eliminación de vexetación que

(9) Da finalidade das zonas tampón -indicada no comentado documento técnico- cabe deducir a súa identificación coas “zonas de protección das zonas núcleo” ás que alude o art. 70.a).2º da lei 42/2007.

(10) Accesible en <http://terrasdomino.deputacionlugo.org/docs/conoce/fichas/mino/Plan%20de%20Accion%20RB%20Terras%20do%20Mino.pdf>

contrastan co contorno. **Desde un punto de vista medioambiental pode supor a degradación, destrución e perda directa de hábitats, comunidades e taxóns (animais e vexetais) de alto valor, conlevar riscos erosivos, alteración do ciclo hidrolóxico (perda de calidade da auga, incremento do caudal sólido, colmatación...), aparición de escombres, vertidos de augas contaminadas...** A súa ameaza esténdese a todo o territorio de Terras do Miño.>>.

En síntese, a declaración da Reserva Terras de Miño apóiase en documentos tanxibles **cuxas determinacións non se deberían pasar por alto**, como parece ter feito a aprobación da modificación urbanística de referencia, **só pena de reducir unha declaración de rango internacional a un xesto institucional inútil e carente de contido real**.

B) Asimesmo, cómpre ter en conta as **clasificacións e catalogacións establecidas en distintas normas de conservación da natureza incidentes no espazo afectado pola modificación urbanística de referencia**, mencionadas no aptdo. 4 do presente informe:

- a **declaración de varios hábitats naturais** existentes en dito espazo como **de interese comunitario**, un deles con carácter **prioritario**, de acordo coa Directiva 92/43 CEE e Lei española 42/2007.

- a inclusión de varias especies de fauna presentes nesta ámbito nas categorías descritas nos anexos da citada Lei 42/2007 (e das directivas europeas que nela se integran -92/43/CEE e 2009/147/CEE), así como na **Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial** e **Catálogo español de especies ameazadas** -Real Decreto 139/2011-, e no **Catálogo Galego de Especies Ameazadas** -Decreto autonómico 88/2007-.

De ditas declaracións e catalogacións derívanse medidas directas de protección tanto sobre parte dos hábitats presente no ámbito da modificación, como sobre varias das especies silvestres que residen nel ou o utilizan temporalmente.

C) Por último, cabe indicar a propia protección que as Normas Subsidiarias de Baralla dispensaban ao ámbito da modificación, mediante a súa clasificación como **solo non urbanizable de especial protección**. Este planeamento foi redactado ao abeiro da Lei autonómica 11/1985, cuxo art. 13.1 requiría aos Plans Xerais e Normas Subsidiarias de ordenación municipal que prestasen unha singular atención aos espazos e elementos que constituirán parte significativa do medio natural e do patrimonio cultural, e que incorporasen un **catálogo no que se inclúsen as áreas e elementos de especial protección**.

Así o fixeron as Normas Subsidiarias de planeamento de Baralla, incluíndo nunha das áreas especial protexidas a meirande parte do ámbito da modificación, cuxos atributos naturais, singularidade xeolóxica, etc., apuntados no presente informe, xustifican tal clasificación.

8. CONCLUSIONES

A parte da ladeira do Monte das Labradas incluída no ámbito da modificación urbanística á que se refire o presente informe presenta valores naturais relevantes no contexto de Galicia, derivados especialmente da natureza do seu substrato calcario, o que da lugar a unha ampla diversidade de hábitats, así como de flora e fauna.

Así, existen non menos de seis Hábitats Naturais de Interese Comunitario, un deles de Interese Prioritario (quizais dous), varios dos cales son moi escasos en Galicia, merecendo especial relevancia ás Covas non explotadas polo turismo (código 8310).

A área contén unha flora silvestre variada, con algunhas especies calcícolas moi escasas en Galicia que a configuran como un reduto de especial interese a nivel autonómico, e reúne condicións idóneas para acoller unha fauna diversa e de alto valor, constituíndo o lugar de residencia de morcegos –cando menos dunha especie considerada Vulnerable-, e formando parte da área de distribución e nidificación de varias especies de aves que gozan de alta protección legal (anexo IV da Lei 42/2007).

Aos valores naturais anteditos engádense os propios das covas naturais existentes no ámbito: xeolóxicos, científicos, ecolóxicos –como lugar de refuxio e nidificación de fauna protexida-, etc., sen descartar posibles valores culturais e paleontolóxicos, que requirirían a realización das oportunas investigacións por persoal especializado.

Todos os valores anteditos xustifican a protección que as Normas de planeamento obxecto da modificación dispensaban a este espazo.

O estudo da documentación e información que serviu de base aos pronunciamentos ambientais (resolucións e informes) emitidos, tanto en relación coa modificación urbanística como coa autorización previa do proxecto de canteira, pon de manifesto o deficiente grao de coñecemento ambiental do ámbito en que se emitiron tales pronunciamentos, así como outras irregularidades que os invalidan.

En Vigo, a 17 de decembro de 2015



Asdo.: Jorge Mouriño Lourido,
Biólogo-consultor desde 1991, colexiado nº
19234-x no C. O. de Biólogos de Galicia

9. BIBLIOGRAFÍA

- Anónimo 2013. *Interpretation manual of European Union Habitats EUR 28*. Ed. European Commission DG Environment. 144 pp.
- Del Moral J.C., Molina B., Bermejo A. & Palomino D. 2012. *Atlas de las aves en invierno en España 2007-2010*. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medioambiente/SEO-BirdLife, Madrid. 816 pp.
- Giménez de Azcárate, J., Amigo J. 1996. *Inventario da flora vascular de afloramentos calíos de Galicia (Pteridophyta e Spermatophyta)*. Cadernos da Area de Ciencias Biológicas (Inventarios). Seminario de Estudos Galegos Vol XII, Ed. Do Castro, Sada.
- Madroño A., González C. & Atienza J.C. 2004. *Libro Rojo de las Aves Reproductoras de España*. Dirección General para la Biodiversidad-SEO/BirdLife. Madrid. 452 pp.
- Martí R. & del Moral J.C. (eds.) 2003. *Atlas de las Aves Reproductoras de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Sociedad Española de Ornitología. Madrid. 733 pp.
- Martínez-Cortizas A. & Pérez-Alberti A. (coord.) 1999. *Atlas climático de Galicia*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. 207 pp.
- Palomo L.J., Gisbert J. & Blanco J.C. (eds.) 2007. *Atlas y Libro Rojo de los Mamíferos Terrestres de España*. Dirección General para la Biodiversidad-SECEM-SECEMU, Madrid. 586 pp.
- Pleguezuelos J.M., Márquez R. & Lizana M. (eds.) 2002. *Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Asociación Herpetológica Española, Madrid. 587 pp.
- Rivas-Martínez S. 2007. Mapa de series, geoserias y geopermaseries de vegetación de España (Memoria del Mapa de Vegetación Potencial de España). Parte I. *Itinera Geobotanica* 17: 5-436.
- Rivas-Martínez S., Diaz T.E., Fernández-González F., Izco J., Loidi J., Lousa M. & Penas A. 2002. Vascular plant communities of Spain and Portugal. *Itinera Geobotanica* 15: 5-432.
- Rivas-Martínez S. & Penas A. (coord.) 2003. *Atlas y manual de los hábitat de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza, Madrid. 492 pp.
- Rodríguez Guitián M.A., Amigo J. & Romero R. 2000. Aportaciones sobre la interpretación, distribución y ecología de los bosques supratemplados naviano-ancarenses. *Lazaroa* 21: 51-71.
- Rodríguez Guitián M.A. & Ramil P. 2007. Revisión de las clasificaciones climáticas aplicadas al territorio gallego desde una perspectiva biogeográfica. *Recursos Rurais* 1(3): 31-53,
- Rodríguez Guitián M.A. & Ramil P. 2008. Fitogeografía de Galicia (NW ibérico): análisis histórico y nueva propuesta corológica. *Recursos Rurais* 1(4):19-50.

Informe complementario sobre os valores naturais do espazo afectado pola modificación de planeamento de Baralla no ámbito da canteira “VALE N° 319”

ANEXO. INFORME SOBRE A EXISTENCIA DE MORCEGOS PROTEXIDOS

Roberto J. Hermida Lorenzo, doutor en bioloxía, investigador do programa "Morcegos de Galicia" da asociación *Drosera* dedicada ao estudo e conservación do medio natural, con Documento Nacional de Identidade nº 76413613T e domicilio en Poboado da Magdalena, G-2, 2º esquerda de As Pontes (A Coruña)

Informe que:

Personado o día 16 de xuño do presente ano (2015), a petición da *Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)*, na parcela 67 do polígono 116 situada na parroquia de Vale do municipio de Baralla (referencia catastral 27036A11600067), puideron detectar pouco despois da posta do sol a presenza de exemplares de morcegos correspondentes á especie *Rhinolophus hipposideros* entrando e saíndo de varias cavidades subterráneas existentes dentro da dita parcela (1).

A identificación desta especie realizouse a partir dos sons de ecolocación emitidos polos morcegos con axuda dun detector de ultrasóns Pettersson 240X e unha grabadora dixital ZOOM H2n. Realizouse unha primeira identificación da especie no campo ao detectarse as emisións características a 110 kHz e grabáronse varios rexistros acústicos en tempo expandido que permitiron a confirmación da identificación tras o procesado informático co software Sonobat 2.9.6.

A especie identificada -a máis pequena do xénero *Rhinolophus* da rexión paleártica, é coñecida comunmente como morcego de ferradura pequeno- e se atopa incluída no Anexo II da Directiva europea 92/43 (Directiva Hábitats), para a que se deben designar zonas para a súa conservación, así como no **Catálogo Galego de Especies Ameazadas, regulado polo Decreto autonómico 88/2007, clasificándose no seu anexo II como "especie vulnerable"**.

Rhinolophus hipposideros en posición de descanso nunha cavidade.



(1) Situación aproximada das entradas visitadas (coordenadas UTM no fuso 29- sistema ED-50):
x=644018 / y=4745105; x= 644019 / y=4745095; x= 644023 / y=4745093; x= 644125 / y=4745094

O citado Decreto require medidas específicas de protección para as especies ameazadas incluídas no catálogo (art. 4º.1), establecendo determinadas limitacións, entre as que se atopa a **prohibición de actuacións non autorizadas nos seus niños, tobeiras ou áreas de reprodución, invernada, muda, paso, repouso e alimentación das especies catalogadas**, e a **prohibición de destrución do seu hábitat** (art. 10º.1.b), e obrigando á Xunta de Galicia á elaboración de **plans que garantan a conservación das especies catalogadas vulnerables** -como a identificada ao principio do presente informe- e **dos seus hábitats** e establezan as medidas adecuadas para preservar, manter e restablecer as poboacións naturais facéndoas viables (art. 15º, puntos 1.b) e 2).

Asimesmo, cómpre indicar que as covas naturais existentes na parcela referenciada constitúen en si mesmas un hábitat de interese comunitario "*8310 Covas non explotadas polo turismo*", e que este tipo de formacións son un biótoto utilizado habitualmente por varias especies de morcegos (a inspección puntual realizada non permite descartar a presenza doutras especies distintas á detectada), especialmente no outono e inverno (fóra da época de cría), como refuxio de paso, de invernada ou como sitio *swarming* (lugares de apareamento de especial importancia para o intercambio xenético das especies).

Unha valoración axeitada da importancia que as covas visitadas representan para os morcegos debería incluír un estudo do uso das mesmas ao longo do ciclo anual, con especial interese nos meses de agosto-setembro, xaneiro e abril-maio.

E así o asino para que conste ante quen corresponda.



Roberto J. Hermida Lorenzo
Doutor en bioloxía

As Pontes, 9 de decembro de 2015